

## A PREHISTORIA

É a etapa máis longa, na Península transcorre dende a **aparición do ser humano**, hai aproximadamente 1.000.000 anos, ata a **aparición da escritura**, hai uns 3.000 anos. Divídese en tres etapas:

### 1. PALEOLÍTICO

- Os seres humanos eran nómades (non tiñan residencia fixa, ían dun lado a outro en función do tempo). Cazaban, pescaban e recollían froitos e herbas.
- Vivían en tribos duns 30 membros que se axudaban para sobrevivir.
- Fabricaban ferramentas con pedras e ósos.
- Pintaban animais nas covas.
- Tamén fixeron pequenas esculturas de pedra que representaban mulleres. Estas figuras chámanse **venus**.
- En terras galegas houbo asentamentos humanos dende a primeira etapa do Paleolítico. Os primeiros poboadores establecíanse en campamentos como o das Gándaras de Budiño (O Porriño, Pontevedra) ou en abrigos rochosos como os da Terra Cha (Lugo).

### 2. NEOLÍTICO

- Os seres humanos eran sedentarios (vivían nun lugar fixo) e construíron as primeiras aldeas.
- Convertéronse en gandeiros (cabras, ovellas, bois...) e agricultores (trigo, arroz...).
- Fabricaban ferramentas con pedra puída (fouces para segar, muíños para os grans de cereais...) e inventaron a cerámica e os tecidos (la, liño...).
- Pintaban as covas con escenas de danza, caza e recolección. As figuras eran moi esquemáticas e pintábanas cunha soa cor.
- Realizaban actividades “comerciais” coa forma do troco (intercambiaban produtos).
- En Galicia os restos máis importantes do Neolítico son monumentos megalíticos (mega: grandes, litos: pedras; grandes monumentos de pedra) chamados **mámoas e pedrafitas** (menhir). As mámoas facíanse cubrindo un dolmen (unha especie de mesa feita con pedras) con terra e pedras e servían de sepulcro a varias persoas.

### 3. IDADE DOS METAIS

- Os seres humanos comezaron a fabricar obxectos de metal: cobre, bronce e ferro.
- Algunhas aldeas convertéronse en cidades que rodearon dunha muralla.
- Aparece a figura do xefe e novos oficios (guerreiros, comerciantes...).
- Inventouse **a roda, a vela e o arado**.
- Construíron **monumentos megalíticos** con grandes pedras chamadas megalitos: **menhir, dolmen e crómlech**.
- Os habitantes de Galicia na Idade dos Metais vivían de criar animais, cultivar a terra e, os da costa, tamén pescaban. Os restos máis importantes son os **petróglifos** (debuxos gravados nas pedras ao aire libre) e, xa na última etapa, os **castros** (poboados fortificados).